

## **O PSOE esixe á Xunta no Parlamento medidas claras e prazos para solucionar dunha vez por todas a contaminación da traída de Bóveda**

**Dando cumprimento ó compromiso manifestado hai unhas semanas, Docasar esixiu na Cámara explicacións ó Goberno galego sobre se é coñecedor do mal estado da canalización, e instou á administración autonómica a garantir que a auga sexa apta para o consumo, xa que, do contrario, seguirá perigando a saúde dos veciños**

**Logo de que os veciños se visen obrigados a recurrir a manantiais e a supermercados da vila para poder consumir auga e ducharse, reclama que "non se escondan detrás de cortinas de fume porque os cidadáns piden solucións definitivas, non parches para saír do paso"**

**Critica que o proxecto da Xunta e do Concello para solucionar o problema "deixará hipotecado á entidade local durante varios décadas" e denuncia que o Executivo galego destine varios millóns de euros a unha macro residencia, xestionada por unha empresa privada e, que pola contra, non dispoña de cartos para arranxar esta traída que leva anos dando problemas**

**Asegura que o Concello non só eludiu claramente a súa responsabilidade, senón que incumpriu o compromiso asumido nas eleccións de 2007, que incluía a construción dunha depuradora coa que se evitaría esta grave situación de insalubridade**

O Partido Popular admitiu este xoves no Parlamento que a Xunta de Galicia se desvincula totalmente do problema de contaminación da traída de auga do Concello de Bóveda. Dando cumprimento ó compromiso manifestado hai unhas semanas polo deputado autonómico, Vicente Docasar, esixiu hoxe na Cámara galega explicacións ó Goberno galego sobre se é coñecedor do mal estado da canalización, ó tempo que instou á administración autonómica a levar a cabo as medidas necesarias para que a auga sexa apta para o consumo, xa que, do contrario, continuarase a poñer en risco a saúde dos veciños e veciñas deste municipio do sur da provincia de Lugo.

"O grupo parlamentario socialista trae a este Parlamento a preocupación e o malestar da cidadanía, producido por levar meses e meses con problemas para saber con seguridade e con garantías se a auga que sae polas billas é ou non é apta para o consumo". A este respecto, o socialista engadiu que "ninguén cun mínimo de sentido común e cun mínimo de boa fe dubida sobre quen ten as competencias. Para iso, Augas de Galicia cobra precisamente o canon da auga...". Por iso, pediulles os responsables autonómicos que "deixen de marear a perdiz e de enganar. Non se escondan detrás de cortinas de fume. A competencia tena quen a ten, póñanse como se poñan. En Bóveda levan gobernando toda a vida porque así o decidiron os cidadáns, e non poden botarlle a culpa do que pasa á herdanza recibida. Os veciños piden solucións definitivas, non parches para saír do paso. Se a xestión da auga é de competencia exclusiva municipal e da Xunta, que esperan para solucionar dunha vez por todas o problema?", preguntou o socialista.

Deste xeito, destaca que os cidadáns de Bóveda teñen dereito a ter nos seus fogares e negocios auga en condicións para poder consumila e usala en todo o que precisen e, mentres iso non se produza, o socialista defende que a entidade local deberá de deixar de cobrar por un servizo que non está a proporcionar, sobre todo, porque os cidadáns veñen de asumir unha suba na factura de ata 40 euros cada tres meses.

## **Sen poder ducharse nin beber da billa**

Vicende Docasar, logo de que o Concello non fose capaz de atopar unha solución que permitise atallar o problema, recoñece que o PSOE viuse obrigado a apelar na Cámara galega á responsabilidade do Executivo de Feijóo. "O certo e verdade é que o Partido Popular fixo caso omiso de todas as denuncias e advertencias do Grupo Municipal Socialista nos últimos anos... Xa sabemos que vostedes bástanse por si mesmos, que vostedes sábeno todo e que os demais somos uns ignorantes e uns iletrados. Durante semanas os veciños tiveron que soportar que a auga que saía polas súas billas uns días era de cor marrón escuro, outros de cor amarelo, e outros tiña un cheiro insoportable". Isto debías, tal e como confirmaron as analíticas ás que tivo acceso a Xefatura Territorial de Sanidade de Lugo o pasado día 24 de setembro, a que contiña altas doses de ferro, manganeso e mesmo arsénico.

Ademais, a auga tampouco era apta para lavarse ou ducharse. Proba delo, é que os cidadáns tiveron que acudir ós manantiais, ás fontes ou ós supermercados da localidade para atender as súas necesidades básicas. "Agora parece que está todo perfectamente solventado, pero a día de hoxe non hai nada feito que nos faga pensar que o tema está arranxado de maneira definitiva. Falan vostedes de facer unha nova captación de augas no río Viloura, nunha zona onde verten as súa porquerías a parroquia de Rubián e mesmo algunha importante empresa que se atopa na zona. É dicir, se entendemos ben, trataríase de en vez de traer a auga do encoro de Vilasouto, onde hai problemas coas cianobacterias, coller auga do río Viloira; regato con moi pouco caudal de auga nos meses de verán e, no que se almacenan grandes residuos contaminantes".

## **O proxecto da Xunta hipotecará o Concello durante anos**

Deste xeito, o deputado autonómico criticou o proxecto anunciado pola administración autonómica e a entidade local para solucionar o problema, e que está dotado con 657.113 euros, dos que o Concello achegaría o 30% desta cantidade en anualidades fixas durante os próximos vinte anos. Este proxecto, indica Docasar, "deixaría hipotecado ó Concello durante varios anos, polo que un se pregunta para que lles sirva ós veciños de Bóveda ter un goberno amigo na Xunta de Galicia? É certo que vostedes poderían lexitimamente buscar alternativas para abordar o proxecto, pero non saben facelo senón é pola brava. Compórtanse con sectarismo e soberbia cando son goberno e pretenden facer o mesmo cando son oposición". Como exemplo disto, o deputado destacou a distribución de obradoiros de emprego levada a cabo este ano na provincia de Lugo. Dos 21 concedidos, 19 foron para municipios do PP, 1 para un Concello independente, o de Rábade, e outro para un Concello gobernado polo PSOE, o de Lugo.

## **Hai cartos para a residencia, pero non para a traída**

Así mesmo, o deputado autonómico denunciou que "ninguén pode entender que haxa varios millóns de euros para facer unha macro residencia en Bóveda para entregarlla a unha empresa privada para facer negocio, e que non haxa cartos para arranxar unha traída de augas que leva anos dando problemas". Neste senso, subliñou que "o tema non debería ser menor cando xa o Partido Popular falaba no programa das eleccións municipais de 2007 da necesidade de facer unha nova depuradora. Supoño que os redactores deste programa non o dirían por capricho...", afirmou Vicente Docasar.

## **O Concello eludiu a súa responsabilidade**

Docasar considera que o goberno local eludiu claramente a súa responsabilidade e que non exerceu as funcións propias desta competencia municipal. Deste xeito, lamentou que os responsables do concello de Bóveda non quixesen atender as peticións feitas polo Grupo Municipal Socialista ó longo dos últimos meses, e coas que intentaban tenderlle a man ó Alcalde para atopar entre todos unha solución a un problema que se vén arrastrando dende hai demasiado tempo.

No mes de abril, e logo de que a Confederación Hidrográfica cortase a subministración de auga a varias parroquias do Incio por non ser apta para o consumo, os socialistas propuxéronlle a creación



dunha comisión de seguemento que permitise dar unha resposta urxente á non potabilidade do encoro de Vilasouto. O Alcalde, sen embargo, non aceptou a colaboración do PSOE.

Posteriormente, demandóuselle a construción dunha depuradora. Neste caso, o Alcalde non só fixo oídos xordos senón que cualificou ós socialistas de "alarmistas". Na actualidade, e tendo en conta que a canalización do subministro non é a solución, senón que o problema é cada vez máis grave, o rexedor considera que a iniciativa do PSOE, é dicir, a construción dunha depuradora, é a opción máis axeitada.

### **Queixa no Valedor**

Co obxectivo de solucionar este grave problema, hai unhas semanas o PSdeG tamén presentou unha queixa no Valedor do Pobo pola "nefasta xestión" do Alcalde con respecto á salubridade da traída de auga. Concretamente, a voceira municipal socialista, Carmen Macía, recorreu a dita institución porque a administración local desatendeu esta competencia municipal básica. Deste xeito, os socialistas aseguran que, o feito de levar este asunto ó Valedor e ó Parlamento, débese a que o Rexedor vulnerou claramente a súa responsabilidade neste asunto, pois garantir o subministro potable é unha competencia municipal que se atopa recollida no artigo 25.2 da Lei 7/1995, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

21 de novembro de 2013

**Saúdos,**  
**Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**